



PLAN DIXITAL

EEI de Queiruga

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CÓDIGO: 15013989

DENOMINACIÓN: E.E.I. QUEIRUGA

DIRECCIÓN: Queiruga s/n – 15998 Porto do Son

TELÉFONO: 981768238

CORREO ELECTRÓNICO: ceip.queiruga@edu.xunta.gal

A **EEI QUEIRUGA** é unha escola rural de Educación Infantil, na que se imparten clases do segundo ciclo de E. Infantil, agrupando na mesma aula nenos e nenas de 3, 4 e 5 anos (cursos 4º, 5º e 6º de E. I.)

As estancias do edificio, actualmente, están distribuídas de seguinte forma:

- **Dúas aulas:**
 - ♦ Aula mixta de Educación Infantil (2º Ciclo).
 - ♦ Aula complementaria de multiservizos
- **Dúas vivendas.**
- **Un patio de recreo** cunha zona cuberta.

Non existen dependencias de dirección, secretaría, biblioteca, aula de informática, ximnasio, sala de profesores etc. propiamente ditas, desenvolvéndose as tarefas propias destas dependencias nas dúas aulas.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A **EEI QUEIRUGA** atópase nun pobo costeiro dentro do concello de Porto do Son, nun medio rural ideal para a realización de actividades de observación e experimentación relacionadas coa natureza, xa que conta con accesos fáciles á praia, monte ou campo e con gran variedade de recursos naturais.

A base económica dos seus habitantes céntrase sobre todo no sector primario, ocupando un lugar fundamental o subsector marítimo, sobre todo relacionado coas industrias conserveiras que hai na zona e que empregan a varios dos pais e nais das alumnas e alumnos.

A construción, talleres mecánicos, carpinterías e outros negocios familiares empregan aproximadamente a un 30% da poboación.

As TIC inciden cada vez máis na vida das persoas e consecuentemente no campo da educación. Así, a inclusión da competencia de tratamento da información e competencia dixital neste último ámbito introdúcenos nun momento substancialmente distinto e crea novos escenarios educativos.

Disto derívase que o dominio das TIC é tan esencial coma o das habilidades instrumentais básicas. É máis, as posibilidades didácticas e pedagóxicas que nos ofrece ao acceso e xestión da información concede a esta competencia un peso específico como eixo transversal dentro da actividade docente.

Todo elo esixe transformacións que afectan á globalidade do proceso educativo nos seus aspectos metodolóxicos, organizativos, de xestión e curriculares.

É ese impacto global das TIC o que xustifica a confección dun Plan que recolla e regule todos os aspectos relacionados coa integración das TIC no centro.

Elaboramos o Plan dixital como un instrumento de planificación integrado no PE que persigue fundamentalmente o desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital e a integración das TIC como ferramenta didáctica nos procesos de ensino – aprendizaxe.

Contribución ao P.E.

O Plan Dixital do centro sen dúbida vai influír en diferentes aspectos na programación xeral do vindeiro curso, xa que nel van reflectidos distintos compromisos de formación e de actuacións que terán que ter a súa cabida na PXA, en tanto serán eixos primordiais das actividades de formación do vindeiro curso académico.

Por outra banda determinarase , tal e como se verá nos obxectivos deste plan Dixital, os contidos a traballar co alumnado para a realización do itinerario de formación básica en contornas dixitais. Estes contidos serán integrados nas programacións de aula e se fará referencia a eles na propia PXA como obxectivos de ciclo.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o

desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración do Plan Dixital recae sobre a persoa responsable do centro que á súa vez será a coordinadora do Plan Dixital. Esta función extraese da resolución do 3 de setembro de 2021. Esta persoa foi a encargada de elaborar o plan e todas as tarefas do curso de Aula Virtual no que foi matriculada.

Neste curso (<https://www.edu.xunta.gal/centros/plandixital/aulavirtual/>), realizouse o seguimento de todas as actividades que se foron levando a cabo ao longo do curso e que culminaron coa elaboración deste documento.

Estas tarefas secuenciáronse en 2 fases:

- **Fase I (Inicial): Análise e diagnose da situación dos centros.**
 - Autoavaliación SELFIE (do 3 de outubro ao 8 de novembro do 2021)
 - Test de Competencia Dixital Docente (CDD) (do 8 de febreiro ao 7 de marzo do 2022)
 - Informe DAFO (do 8 marzo ao 4 de abril do 2022)
- **Fase II: Deseño e elaboración do Plan Dixital.**
 - Obxectivos do Plan de Acción (do 21 de abril ao 11 de maio)
 - Plan Dixital de Centro (do 11 de maio ao 12 de xuño).

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Dispoñemos na escola de dous ordenadores portátiles, un ordenador de sobremesa, dúas pantallas dixitais (unha fóra de servizo), dous canóns, unha impresora, un equipo de altosfalantes, rede wifi.

Debido ás características da escola non existe aula de informática, os equipos existentes están na aula de uso habitual e na de servizos múltiples.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Na primeira Fase de análise e diagnose, realizáronse os Test extraídos da plataforma europea SELFIE (ferramenta de autoavaliación para centros) dos cales se extraeu certa información en referencia a diferentes áreas en relación á etapa educativa. Na seguinte táboa recóllese o resumo destas áreas na etapa de infantil/primaria:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria/Infantil
A -Liderado	Equipo Direct.	3.4
	Profesorado	2.9
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3.3
	Alumnado	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3.5
	Alumnado	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.5
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	3.7
	Alumnado	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	2.8
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	2.6
	Alumnado	

Do mesmo xeito, todo o profesorado do centro, a través da plataforma Fprofe, realizou o Test CDD. A partir del extraéronse as seguintes conclusións do informe grupal xerado. Este test fai referencia ao perfil competencial do profesorado.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	1	1	100%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
95	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	95	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2		
B1	1	100%
B2		
C1		
C2		
TOTAL		

2.3. Análise DAFO

Grazas á información recollida e xerada a través dos datos do SELFIE e do Test CDD podemos extraer unha análise DAFO que nos permite reflexionar sobre a realidade do noso centro.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. Mellora constante da cobertura por parte da Xunta 2. A conexión mediante wifi é estable.	1. Pouco equipamento 2. Os equipos existentes son moi antigos.
	PERSOAL DOCENTE	1. Ansia de mellora nos profesionais do centro.	1. Pouco tempo para asistir a diferentes cursos relacionados coas novas tecnoloxías
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	1. Interese por aprender coas Tics	1. O material existente non está moi adaptado a súa idade
	FAMILIAS	1. Colaboración co centro	1. Baixa competencia dixital
	OFERTA	1. Participación en cursos de PFPP	

ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Uso de diferentes programas de software libres.	1. Aula Virtual non operativa.
------------------------	--	--------------------------------

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Comunicación coas familias mediante medios tecnolóxicos.	1. Ausencia de dotación económica para tics 2. Asistencia técnica deficiente.
	LEXISLACIÓN	1. Coñecemento das leis e normas relacionadas coa protección de datos da comunidade educativa, dereitos de autor e licenzas de uso.	1. Cambio constante de leis
	CONTORNA	1. Comunicación entre as familias por medios tecnolóxicos.	
	ANPA		1. Dificultades na conexión á rede (inestabilidade)
	OUTRAS ENTIDADES	1. En determinados momentos, o concello prestou ás familias ordenadores.	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Partindo da matriz DAFO realizada entre o 21 de abril e o 11 de maio do 2022, redactáronse os obxectivos, indicadores e accións a ter en conta para a mellora dixital do noso centro. Neste caso redactáronse 4 obxectivos correspondente a diferentes áreas de mellora que foron establecidas segundo o marco europeo *DigCompOrg*.

(<http://educalab.es/intef/digcomp/digcomporg>).

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": Prácticas de ensinanza e aprendizaxe							
1. OBXECTIVO:		Realizar un proxecto interdisciplinar trimestral con, polo menos, un produto final tic.				Acadado	
RESPONSABLE:		Mestra responsable do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO		Nº de produtos finais TIC proxecto					
Valor de partida		0 produtos finais TIC por proxecto					
Valor previsto e data		1 produto final TIC por proxecto			Final do curso 2022/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1:Acordar os proxectos trimestrais e accións a desenvolver.	Mestra responsable do centro	Primeira semana de cada trimestre.	Equipos informáticos.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2:Difundir as actividades do proxecto na Páxina Web.	Mestra responsable do centro	Actualización regular. Mínimo unha vez ao mes.	Equipos informáticos. Web do Centro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.4: Obtención de produtos finais TIC en cada proxecto.	Mestra responsable do centro	Ao final de cada trimestre.	Equipos informáticos e audiovisuais. Software de edición multimedia.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora": Colaboración e traballo na rede/ Desenvolvemento profesional							
2. OBXECTIVO:	Poñer en marcha da Páxina web do centro					Acadado	
RESPONSABLE:	Mestra responsable do centro					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de publicacións na páxina web						
Valor de partida	0 publicacións na páxina web por trimestre.						
Valor previsto e data	3 publicacións na páxina web por trimestre.				Final do curso 2022/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A02.1: Solicitar ao coordinador abalar da zona para unha sesión de formación.	Mestra responsable do centro	15/10/2022	Equipos informáticos e aplicacións.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Coordinar coas escolas unitarias da contorna para a dinamización da páxina.	Mestra responsable do centro	Mensual	Equipos informáticos e aplicacións.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.3: Seleccionar as publicacións a engadir na páxina web.	Mestra responsable do centro	Mensual	Equipos informáticos e aplicacións.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora": Infraestrutura							
3. OBOECTIVO:	Crear un recuncho TIC na aula					Acadado	
RESPONSABLE:	Mestra responsable do centro					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBOECTIVO	Nº de equipos actualizados e/ou renovados.						
Valor de partida	0 equipos actualizados e/ou renovados.						
Valor previsto e data	Todos os equipos actualizados e/ou renovados.				Final do 1º trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A03.1: Realizar un inventario do equipamento existente.	Mestra responsable do centro	15/10/2022	Equipos informáticos e aplicacións.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2: Actualizar e expurgar o equipamento.	Mestra responsable do centro	22/12/2022	Equipos informáticos e aplicacións.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A03.3: Solicitar á UAC un armario para os aparatos de conectividade e wifi.	Mestra responsable do centro	15/09/2022	Equipos informáticos e aplicacións.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A03.4: Solicitar a actualización de quipos e renovación.	Mestra responsable do centro	22/12/2022	Equipos informáticos e aplicacións.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora": Colaboración e traballo na rede/Prácticas de liderado e gobernanza							
4. OBXECTIVO:	Promover o uso do Abalar móbil para a comunicación coas familias.					Acadado	
RESPONSABLE:	Mestra responsable do centro					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	% de familias que teñen o abalar móbil instalado						
Valor de partida	0% de familias que teñen o abalar móbil instalado						
Valor previsto e data	100% de familias que teñen o abalar móbil instalado					Final do 1º trimestre	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO3.1: Enviar comunicación ás familias coas instrucións para a instalación e uso de abalar móbil.	Mestra responsable do centro	15/09/2022	Equipos informáticos e aplicacións.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2: Enviar unha comunicación inicial ás familias a través do abalar.	Mestra responsable do centro	31/09/2022	Equipos informáticos e aplicacións.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnológicas

Necesitamos:

Unha impresora en cor, xa que debido á idade dos alumnos e alumnas, hai traballos e actividades que precisan ser impresas en cor.

Unha fotocopiadora (ou multifunción). Non podemos facer fotocopias nin escanear documentos por carecer dela, dependendo sempre de facelas fóra da escola, cos inconvenientes que implica.

Temos unha P.D.I. que non funciona, necesitaríamos que fora arraxada ou reposta por outra, desta maneira teríamos as dúas aulas dotadas de sistema dixital interactivo.

Un equipo de altosfalantes actual, xa que o existente é moi antigo e non funciona ben.

Tabletas para os alumnos, para poder traballar en actividades tics varios nenos e nenas ao mesmo tempo.

Un ordenador portátil para as actividades de administración, os existentes necesítanse para docencia directa con alumnos.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- **Levarase a cabo unha avaliación procesual** unha vez ao trimestre para analizar e valorar o estado de execución das accións, analizar e valorar os resultados, e de ser o caso, realizar posibles modificacións nas accións de mellora.
- Do mesmo xeito, ao finalizar o curso académico 2022-2023 realizarase unha **avaliación final** para valorar o nivel de logro dos obxectivos e as propostas de mellora. Así mesmo valoraranse accións e obxectivos novos para mellorar no vindeiro curso académico.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital de centro será colgado na páxina web do centro ao igual que se poñerá en coñecemento do mesmo a toda a comunidade educativa a través das canles de comunicación corporativas das que dispoñemos no centro (Abalar móbil, correo electrónico...).